

# REGULAMENTO 3º TRAIL DE MONTAÑA CONCELLO DE SAN SADURNIÑO



## Concello de San Sadurniño

---

Art. 1.- Data e horarios	3
Art. 2.- Trails, distancia e desnivel	3
Art. 3.- Lugar	3
Art. 4.- Entidades organizadoras	3
Art. 5.- Entidades colaboradoras	4
Art. 6.- Regulamento específico	4
Art. 7.- Observacións	6
Art. 8.- Inscripcións	5
8.1.- Prezos	6
8.2.- Nº de prazas	6
8.3.- Prazo de inscrición	6
8.4.- Lugar de inscrición	6
8.5.- Forma de pago	6
8.6.- Devolución da inscrición	6
Art. 9.- Retirada de dorsais	6
Art. 10.- Avituallamento	6
Art. 11.- Servizos	6
Art. 12.- Premios	6
Art. 13.- Compromiso	7
Art. 14.- Servizos ás persoas inscritas	7
Art. 15.- Percorrido	8
15.1.- Sinalización	8
15.2.- Saída e meta	8
15.3.- Mapas e perfil	8
Art. 16.- Material obrigatorio	9
Art. 17.- Responsabilidade	10
Art. 18.- Comité Organizador	10

## Concello de San Sadurniño

O **Trail de Montaña Concello de San Sadurniño** é un evento deportivo, consistente en correr por zonas montañosas que ten lugar dentro do incomparable marco do Concello de San Sadurniño, en Galicia. Cunha paisaxe increíble, valores culturais e patrimoniais de primer orde cun percorrido espectacular e moderadamente esixente.

O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO e o CLUB MTB BIELA E CHAVETA, son os organizadores da 3ª edición a cal consta de 3 percorridos que discorren dentro do termo municipal de San Sadurniño.

### Art.1. DATA E HORARIOS.

**Data: 14 de xuño de 2026**

**Hora de saída: 9:00h**

**Retirada de dorsais: O mesmo día ata 8:15h no CPI de San Sadurniño**

### Art. 2. TRAILS, DISTANCIA E DESNIVEL.

TRAIL	DISTANCIA	DESNIVEL
<b>CURTO</b>	12,2 Km	318 mtrs
<b>MEDIO</b>	24,3 Km	632 mtrs
<b>LONGO</b>	28 Km	712 mtrs

### Art. 3. LUGAR.

A saída da proba terá lugar na Finca A Cortiña (lugar de Bidueiro. San Sadurniño).

<https://goo.gl/maps/r4Xy4J9m3SE2>

<https://goo.gl/maps/q3totvB78T62>

### Art. 4. ENTIDADES ORGANIZADORAS.

**Concello de San Sadurniño**  
Concellaría de Deportes



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal



**Club MTB Biela e Chaveta**



### Art. 5. ENTIDADES COLABORADORAS.

Deputación da Coruña



### Art. 6. REGULAMENTO ESPECÍFICO.

1. O **Trail de Montaña Concello de San Sadurniño** é unha proba deportiva con velocidade libre e sen control de tempos.
2. A proba está aberta a todas as persoas con licenza ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.
3. Idades: **Maiores de 15 anos**
4. Percorrido. Haberá 3 percorridos:
  - A) **Trail Curto**
  - B) **Trail Medio**
  - C) **Trail Longo**
5. Os participantes nesta proba deportiva, coas excepcións previstas neste regulamento, están obrigados/as ao cumprimento das normas específicas do regulamento da proba e ás que nun momento determinado estableza ou adopte, por seguridade, o responsable da proba ou a autoridade competente.
6. Non haberá cronometraxe.
7. Cada participante participa baixo a súa responsabilidade e suponse que dispón dun nivel de condición física óptimo para afrontala proba.
8. Todas as persoas participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible o longo de toda a proba.
9. **RETIRADAS E DESCUALIFICACIÓNS:**

Serán motivo de **descualificación**, entre outros, os seguintes aspectos:

  - Non levar o dorsal perfectamente colocado ata a súa entrada na meta.
  - Participar cun dorsal que corresponde a outro participante.
  - Non realizar o percorrido de carreira completo.
  - Non atender as indicacións dos membros da organización.
  - Pretender participar na carreira sen terse inscrito previamente.
  - Aquela conduta que sexa estimada como antideportiva.
  - Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

## Concello de San Sadurniño

---

- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
  - Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente en contra do espírito deportivo.
  - Non respetar o código de circulación.
- 10.** Tódalas persoas participantes na proba fano baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de inscribirse aceptan o presente regulamento.
- 11. Seguro:** Cada participante estará amparado por unha póliza de accidentes deportivos, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis ou da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo alleo á organización, estando estes últimos debidamente identificados.
- 12.** A organización disporá de **AMBULANCIA** ata que finalice a proba.
- 13.** Tódalas persoas participantes, polo feito de formalizala inscrición, dan o seu consentimento para que a organización trate informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva e/ou promocional os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, redes sociais, etc.
- 14.** A organización poderá solicitar a documentación, onde conste a data de nacemento dos participantes. A non aportación desta, poderá ser motivo de descualificación.
- 15.** Non está permitido o acompañamento de persoas non inscritas na proba.
- 16.** A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno. O mal tempo non será motivo de suspender a proba, agás que haxa aviso de alerta vermella e quede suspendido todo tipo de actividade deportiva ao aire libre, en tal caso a organización non asumirá ningunha responsabilidade se suspendese por causas de forza maior.
- 17.** A proba discorre por camiños de terra e por estradas abertas ó tráfico. Quen non cumpra a lei será expulsado da proba. A inscrición na proba supón que o participante asume os riscos inherentes á participación na proba aberta ao tráfico.
- 18.** A organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidera ser causa ou vítima a/o participante, que deberá estar cuberto pola correspondente licenza federativa ou o seguro de accidentes contratado pola organización en caso de non estar federado/a. Tampouco se fai solidario dos gastos nin das débedas que puideran contraer as persoas inscritas durante a proba, nin dos extravíos ou averías que puidesen sufrir as bicicletas ou equipamento das/os participantes.
- A/o participante exime á organización de calquera responsabilidade por perda ou deterioro de obxectos persoais.

### Art. 7. OBSERVACIÓNS.

**O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.**

## Concello de San Sadurniño

---

### Art. 8. INSCRICIÓN.

**8.1.- Prezo: 14 euros o trail e 18 euros o xantar para participantes e acompañantes.**

**8.2.- Nº de prazas: 200 (por orde de inscrición).**

**8.3.- Prazo de inscrición.** Remata o **8 de xuño ás 24:00 horas (non se realizarán inscricións o mesmo día da proba).**

**8.4.- Modo de inscrición.** Na páxina web [www.emesports.es](http://www.emesports.es)

**8.5.- Forma de pago.** Será na mesma **plataforma** de inscrición.

**8.6.- Devolución da inscrición.** Se a persoa participante decide anular voluntariamente a inscrición, a organización **non** devolverá o importe de dita inscrición. Tampouco devolverase o importe da inscrición se é descualificado.

### Art. 9. RETIRADA DE DORSAIS.

- A retirada de dorsais realizarase o **mesmo día** ata 8:15 horas no CPI de San Sadurniño.
- Para retirar o dorsal será imprescindible presentar o **DNI**.

### Art. 10. AVITUALLAMENTO.

- Trail Longo e Medio: No km 9 só líquido e no km 15 sólido e líquido.
- Trail Curto: só na meta.

### Art. 11. SERVICIOS:

#### APARCADOIRO.

A organización habilitará unha zona de aparcadoiro o carón dos circuitos para que tanto as persoas participantes como o público poidan deixar o coche.

<https://goo.gl/maps/c5rAhqYPrfK2>

#### DUCHAS.

Aquelas persoas que o rematar a proba desexen ducharse terán a súa disposición os vestiarios do pavillón polideportivo municipal. O Pavillón Polideportivo Municipal non se atopa no mesmo lugar da proba (Avda. Marqués de Figueroa nº 19).

<https://goo.gl/maps/oCw2X4ULcP32>

### Art. 12. PREMIOS.

## Concello de San Sadurniño

PREMIOS	
<b>Club</b>	Trofeo ao club con maior número de participantes
<b>Club</b>	Trofeo ao club con maior número de mulleres participantes
<b>Club</b>	Trofeo ao club de mais lonxe
<b>Participante</b>	Trofeo ao participante masculino e feminino de menor idade
<b>Participante</b>	Trofeo ao participante masculino e feminino de maior idade

### Art. 13. COMPROMISO.

#### Cada participante comprométese a:

- 1.- Aceptar estritamente todos os artigos do presente regulamento.
- 2.- Aceptar as posibles modificacións da proba as que a organización se vexa obrigada a modificar por causas alleas a súa vontade.
- 3.- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- 4.- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: *“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, ós sponsors ou patrocinadores comerciais, directivos/as, empregados/as e demais persoal organizador de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse tal como lesión, perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias”*.
- 5.- A organización reservase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.
- 6.- Dar o seu consentimento para que a organización trate informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva e/ou promocional, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.**

### Art. 14. SERVICIOS ÁS PERSOAS INSCRITAS.

A inscrición inclúe os seguintes servizos:

- Dereito a participar na proba
- Avituallamentos
- Seguro de accidentes

## Concello de San Sadurniño

- Aparcadoiro
- Dorsal
- Duchas
- Servizo médico axustándose á normativa legal deste tipo de eventos

### Art. 15. PERCORRIDO.

#### 15.1.- Sinalización.

Todo o percorrido estará sinalizado con frechas no chan. Ademais nos puntos conflictivos haberá persoal da organización.

#### 15.2.- Saída e meta:

Estará sinalizada cun arco.


#### 15.3.- Mapas e perfil.

##### Trail Curto.





##### Trail Medio.

## Concello de San Sadurniño



### Trail Longo.



### Art. 16- MATERIAL OBRIGATORIO.

O trail de montaña concello de San Sadurniño é unha proba de semi-autosuficiencia. É dicir, os corredores deben ser autónomos entre os puntos de avituallamiento, tanto na inxesta de líquidos e comida, como en roupa de abrigo e material de seguridade, permitindo adaptarse aos posibles problemas que xurdan (meteorolóxicos, ou físicos, entre outros). Isto esixe ao corredor levar unha serie de material **obrigatorio** durante toda a proba que asegure a súa integridade física:

## Concello de San Sadurniño

	Teléfono móvil	Chaqueta impermeable	Reserva alimentaria	Liquido	GPS
CURTO	X		X	X	
MEDIO	X	X	X	X	
LONGO	X	X	X	X	X

### Art. 17-RESPONSABILIDADE.

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas.

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil que cubrirá os incidentes inherentes á proba.

### Art. 18- COMITÉ ORGANIZADOR.

Estará integrado por:

- Presidente/a: Alcalde do Concello de San Sadurniño. Secundino García Casal
- Director/a da proba: Agustín Pérez
- Responsable de seguridade vial e aspectos técnicos: José Manuel Barro López
- Persoal voluntario: Club BTT Biela e Chaveta